



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de decembro de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día cinco de decembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1058).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1059).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CATALOGACIÓN E PROXECTO PILOTO PARA A DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO MUNICIPAL. EXPTE. 8629/113.

Dáse conta do informe-proposta de data 5/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal, (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal, (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación de servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (expediente 8.629-113), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 24 de xuño de 2019 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do sector público, comezando o prazo de presentación de ofertas ó día seguinte.

Durante este prazo presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. SEVERIANO MÓVIL, S.A.U.
2. REPROULET, S.L. (UNAYTA)
3. XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.

Terceiro.- En data 29 de xullo de 2019, a Mesa de Contratación procedeu a apertura e cualificación do sobre A “Documentación persoal”, acordando admitir a todos os licitadores. A continuación abriuse o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” e a Mesa solicitou informe sobre o mesmo ó xefe do servizo de Administración electrónica.

Cuarto.- En data 3 de outubro de 2019, a Mesa de contratación, por unanimidade, aceptou o informe de valoración do sobre B asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 3 de outubro de 2019. A continuación procedeu a apertura do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula”, e solicitou informe sobre o mesmo ó citado funcionario.

Quinto.- En data 10 de outubro de 2019, a Mesa de contratación acepta por unanimidade o informe de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 9 de outubro de 2019.

Sexto.- En data 10 de outubro de 2019, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación da XGL en acordo de 20 de xuño de 2019, acordou:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	REPROUTLET, S.L.	75,69
2	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	68,00
3	SEVERIANO MÓVIL, S.A.U.	54,09

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REPROUTLET, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Sétimo.- Unha vez presentada a documentación polo primeiro clasificado e cualificada esta pola Mesa, esta formulou proposta de adxudicación ó órgano de contratación. Unha vez fiscalizado o expediente, a Xunta de Goberno Local o 7 de novembro de 2019 acordou:

“Adxudicar a REPROUTLET, S.L. o procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 249.513,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.303,96 euros.*
- *Inclúe no Proxecto Piloto de Dixitalización a dixitalización dos seguintes fondos prioritarios especificados no PPT:*
 - *Libros de actas Plenos*
 - *Libros de actas Comisión Municipal Permanente*
 - *Índices Plenos*
 - *Índices Comisión Municipal Permanente*
 - *Padrón habitantes -Carpetas de aneis (follas embolsadas individualmente)*
 - *Padrón habitantes -Libros de diversos formatos*
 - *Listas de embarque -Un arquivador A-Z (moi mal estado de conservación)*
 - *Índices do arquivo -2 carpetas de aneis (de uso diario)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

Este acordo foi notificado os licitadores e publicado no perfil de contratante desta Administración o 12 de novembro de 2019.

Oitavo.- En data 28 de novembro de 2019, D. Juan Francisco Romay Sieira, con DNI número 52933293-N, en nome da mercantil XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante TACGAL), interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2019 polo que se adxudica a contratación dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal a REPROUTLET, S.L.

Noveno.- En data 29 de novembro o TACGAL solicitou do órgano de contratación o expediente e o informe sobre o recurso previsto no artigo 56 da LCSP. Recibida esta solicitude o servizo de Contratación solicitou informes á secretaría da Mesa de Contratación e o servizo xestor que foron evacuados o 4 de decembro de 2019.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2019 polo que se adxudica a contratación dos servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectácude catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal a REPROUTLET, S.L.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.



Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso prevense nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos neste recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, para os efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo neste informe no caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a non admisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recorrer.

O recorrente é indubidable que ostenta lexitimación activa pola súa condición de licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.



Concello de Vigo

- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

“Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento”.

Dado que o acordo de adxudicación notificouse os licitadores o día 12 de novembro de 2019, a interposición do recurso o día 28 do mesmo mes foi dentro do prazo conferido ó efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recorrente formula tres motivos de impugnación:

1. A falta de acreditación polo adxudicatario da solvencia técnica esixida neste procedemento.
2. A aplicación dunha penalización na puntuación outorgada o recorrente no sobre B en base a motivos formais que considera contraria a dereito.
3. A vulneración do artigo 145.1 da LCSP por canto a oferta do adxudicatario é a que ten unha peor relación calidade prezo.

Analizaremos a continuación cada un destes motivos.

1.- A falta de acreditación polo adxudicatario da solvencia técnica esixida neste procedemento

Comeza esta alegación o recorrente reproducindo a cláusula 8 do PCAP que regula a solvencia técnica esixible neste procedemento, a saber, acreditar servizos ou traballos de similar natureza ós do obxecto do contrato por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. E cifra esta cantidade en 124.756,64 euros. É preciso matizar que esta cantidade é errónea, a anualidade media ascende a 186.666,66 euros. Continúa o recorrente enumerando a lista dos contratos presentados polo adxudicatario. Y finaliza argumentando que:

- Os certificados de boa execución achegados non suman a cantidade requirida.
- En ningún dos certificados indicase a CPV.
- Con respecto ós servizos realizados para suxeitos privados considera que non poden ser tidos en conta porque non van acompañados dunha declaración responsable.

Reprodúcese a continuación o informe da Sra. Secretaria da Mesa de Contratación do Concello de Vigo, sobre estas cuestións, por ser este órgano auxiliar do órgano de contratación o que revisou a documentación achegada polo primeiro clasificado, e tras considerar que era correcta formulou a proposta de adxudicación á XGL:

“En relación coa primeira cuestión de fondo do recurso interposto por D. Juan Francisco Romay Sieira, en representación de XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L., na que conclúe que o licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, REPROUTLET, S.L., “carece da solvencia técnica esixida no presente contrato”,

INFÓRMASE

Segundo o disposto no apartado 5 do Anexo I -FEC- e cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) a solvencia técnica ou profesional acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- *“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.*

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.



Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

- *Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.*

Se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) a solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios previstos nas letras b) a i) do apartado 1 do artigo 90 da LCSP, agás que no apartado 5 das FEC se sinalen outros distintos. A documentación acreditativa destes extremos achegarase polo primeiro clasificado con carácter previo á adxudicación do contrato”.

En consecuencia, dadas as características do contrato (o prazo de execución é superior a un ano e non se fixa clasificación alternativa) e do licitador (que non acredita ser unha empresa de nova creación), a solvencia deberá acreditarse mediante servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato.

O importe da anualidade media do contrato, calculada conforme ao previsto no artigo 36.6. do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, é de 186.666,66 euros.

Segundo o apartado 2A do Anexo I -FEC-do PCAP, o obxecto deste contrato é “identificación, clasificación, ordenación e catalogación de documentos do Arquivo Xeral e do Arquivo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a elaboración dun plan de dixitalización dos mesmos, así como o desenvolvemento dun plan piloto para comprobar a correcta execución deste plan de dixitalización”.

A cláusula 2 do do prego de prescricións técnicas particulares (PPT) concreta:

“O obxecto do contrato é a identificación, clasificación, ordenación, catalogación e elaboración dun plan de dixitalización, así como o desenvolvemento dun plan piloto de execución deste plan de dixitalización para o Arquivo Xeral e o Arquivo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

A elaboración dun plan de dixitalización, posterior a unha clasificación dos fondos arquivísticos, é o paso inicial e necesario antes de comezar un proxecto de dixitalización dun arquivo. Trátase dun estudio previo da documentación susceptible de dixitalizar, da selección da documentación, establecemento de prazos, volume, metodoloxía de traballo e medios persoais e técnicos. Procederase tamén na selección

ou desenvolvemento das aplicacións de software e ferramentas que mais axeitadamente se adecúen ás necesidades do contrato”.

Indica o PPT en nota ao pé: ¹A definición de plan de dixitalización é a contemplada en "Criterios generales y recomendaciones para la digitalización de documentos en los archivos". Archivos de Castilla y León. Junta de Castilla y León. 2011. (pax. 13-14). http://www.aefp.org.es/NS/Documentos/GuiasManuales/JCYLRecomendaciones_Digitalizacion_Archivos2011.pdf

Segundo os “Criterios generales y recomendaciones para la digitalización de documentos en los archivos” da Junta de Castilla y León” aos que remite o PPT para definir o plan de dixitalización, por plan de dixitalización enténdese “La elaboración de un Plan de digitalización es el paso precedente y necesario antes de abordar cualquier proyecto de digitalización en un archivo. En esencia, estaríamos hablando de realizar un estudio previo de la documentación susceptible de digitalización, de hacer una selección de aquella cuya digitalización se va a abordar, de establecer plazos, volumen, una metodología clara, etc.”. Indican estes criterios e recomendacións “Criterios de selección del material objeto de la digitalización. Antes de abordar las recomendaciones básicas para establecer unos criterios de selección del material que va a digitalizarse en un archivo, ha de añadirse que no se debe acometer la digitalización indiscriminada de fondos sin que éstos se encuentren previamente descritos, aunque sea de forma somera”.

O apartado 2B do Anexo I -FEC- do PCAP “CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO” recolle como CPV deste contrato a 72252000-6 (Servizos de arquivo informático).

Á vista dos requisitos previstos nos pregos que rexen esta licitación e citados anteriormente, e segundo o previsto na cláusula 23 do PCAP, a Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 28 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar dentro do prazo concedido para o efecto e acordou, por unanimidade,

“Adxudicar a REPROUTLET, S.L. o procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 249.513,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.303,96 euros.
- Inclúe no Proxecto Piloto de Dixitalización a dixitalización dos seguintes fondos prioritarios especificados no PPT:
 - Libros de actas Plenos
 - Libros de actas Comisión Municipal Permanente
 - Índices Plenos
 - Índices Comisión Municipal Permanente
 - Padrón habitantes -Carpetas de aneis (follas embolsadas individualmente)
 - Padrón habitantes -Libros de diversos formatos
 - Listas de embarque -Un arquivador A-Z (moi mal estado de conservación)
 - Índices do arquivo -2 carpetas de aneis (de uso diario)



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

A continuación relaciónase a documentación que tivo en conta a Mesa de Contratación para entender acreditada a solvencia técnica de REPROUTLET, S.L. nun do tres últimos anos (2018):

Entidades privadas	Nome	Importe	Documentación presentada
Dixitalización, organización e catalogación dos fondos do Arquivo	Agrupación Cantigas e Agarimos	9.049,76 €	Certificado de boa execución
Servizo de inventariado e catalogación de novas pezas incorporadas aos fondos do museo	Asociación Patronato Museo Etnográfico de A Capela	2.200,00 €	Factura
Servizo de dixitalización, organización e catalogación dos fondos documentais históricos	Cofraría de Pescadores de Celeiro	31.927,78 €	Certificado de boa execución
Servizo de desenvolvemento de unha aplicación para mostra de estadísticas	Federación Provincial de Cofradía de Pescadores de A Coruña	5.011,00 €	Certificado de boa execución
Software de gestión documental	Federación Provincial de Cofradía de Pescadores de A Coruña	1.187,00 €	Factura
Servizo de desenvolvemento de unha aplicación para mostra de estadísticas	Federación Provincial de Cofradía de Pescadores de Pontevedra	5.011,00 €	Factura
Servizo de organización dos fondos documentais do Arquivo e desenvolvemento web	Fundación Galiza Sempre	12.700,00 €	2 certificados de boa execución (8.700 + 4.000)
Servizo de catalogación do fondo bibliográfico antigo (SS. XVI-XXI)	Museo do Gravado de Artes	7.457,00 €	Certificado de boa execución
Servizo de descripción e adaptación a NOGADA dos fondos documentais do Arquivo	Fundación Terra e Tempo	6.588,33 €	Factura
Dixitalización de documentos e gestión documental para el departamento de RR.HH	Inverpeninsular	9.314,00 €	Factura
Servizo de dixitalización de fondos da colección epistolar de Cam	Consello da Cultura Galega	5.246,88 €	2 facturas (3.206,50 + 3.142,22 euros)
Desarrollo web shop gestión autónomos (inclúe programación, autoinstalables e panel de control PLESK, entre outros)	Apis do Courel SC	2.590,87 €	Factura (CPV 72212224-5 Servicios de desenvolvemento de software de edición de páxinas web)
Dixitalización de bens do arquivo fotográfico "Foto Llanos"	Museo Etnolóxico de Ribadavia	7.905,43 €	Certificado de boa execución. Non consta no listado
Organismos públicos			
Servizo de organización dos fondos documentais do Arquivo	Concello de Amoeiro	10.538,57 €	Certificado de boa execución
Servizo de organización dos fondos documentais do Arquivo	Concello de Aranga	8.338,84 €	Certificado de boa execución
Servizo de organización dos fondos documentais do Arquivo	Concello de Avión	8.295,00 €	Certificado de boa execución
Servizo de organización dos fondos documentais do Arquivo	Concello de Baños de Molgas	8.359,00 €	Certificado de boa execución
Servizo de organización dos fondos documentais do Arquivo	Concello de Dumbria	8.000,00 €	Certificado de boa execución. Erro na declaración (5785,12€)
Servizo de organización dos fondos documentais do Arquivo	Concello de Portomarín	7.603,00 €	Certificado de boa execución
	S/IVE	157.323,46 €	
	C/IVE	190.361,39 €	

Ademais dos contratos relacionados anteriormente o licitador achegou outros moitos máis que non se tiveron en conta, por entender a Mesa de Contratación que a documentación presentada era correcta. Se a Mesa considerase que a solvencia técnica non estaba suficientemente acreditada tería acordado concederlle un prazo para a súa emenda mediante a aportación de nova documentación (Recomendación de la Junta Consultiva de Contratación

Administrativa sobre la interpretación de algunos preceptos del texto refundido de la Ley de Contratos del sector público tras la modificación de la misma realizada por la Ley 14/2013, de 27 de septiembre, de apoyo a los emprendedores y su internacionalización, entre otros)".

Como se pode deducir do informe reproducido, a alegación do recorrente, en opinión da informante, carece de fundamento, polo que procede solicitar do Tribunal a súa inadmisión.

2.- A aplicación dunha penalización na puntuación outorgada o recorrente no sobre B en base a motivos formais que considera contraria a dereito

O informe de valoración do sobre B, emitido polo xefe de Administración electrónica e asumido pola Mesa de contratación di que *"A oferta técnica, do sobre B, presentada por este licitador consta de tres ficheiros de 1, 66 e 50, páxinas de tamaño máximo 6,6 MB non cumprindo así ós requisitos para a presentación da documentación detalladas no punto 6.A das FEC (excede o número máximo de arquivos admitidos, arquivo único). Conforme ó estipulado na clausura 7.A das FEC ("Cando a documentación achegada non cumpra cos requisitos de tamaño folia e letra, interlineado, número de follas máximas descritas, arquivo único ou tamaño do mesmo, procederase a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao citado criterio.) a puntuación obtida será a corresponderá á metade dos puntos asignados (36)".*

O recorrente non está conforme con esta penalización por motivos formais. En primeiro lugar porque considera que non é certo, por canto a oferta técnica atopábase nun único arquivo. O resto dos arquivos incluídos no sobre B non forman parte da oferta técnica, uno é o índice e outro o curriculum dos membros do equipo de traballo. A realidade é que todos os documentos incluídos no sobre B forman parte da oferta técnica. E se nos atemos ó previsto no prego a realidade é que o licitador incumpriu o previsto no apartado 6.A da FEC e presentou máis dun arquivo.

Considera que a penalización imposta é excesiva e vulnera os principios de liberdade de acceso as licitacións, libre concorrència e selección da oferta economicamente máis vantaxosa consignados no artigo 1 da LCSP.

Informa ó respecto o xefe de servizo de Administración electrónica:

" A limitación en canto a cantidade de arquivos e tamaño dos mesmos pretende racionalizar a extensión das propostas dos licitadores atendendo ás características do proxecto que se solicita buscando conseguir unha homoxeneización e igualdade nas formas das presentacións das ofertas para poder facer posible, por parte do equipo técnico do Servizo de Administración Electrónica, unha valoración eficiente da calidade dos proxectos presentados.

O recorrente argumenta que:

"A la vista de lo transcrito, debe indicarse que mi representada sí ha dado cumplimiento a las previsiones del PCAP, pues la oferta técnica presentada por XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L consistía, tal y como se exigía, en un



Concello de Vigo

documento pdf de 50 páxinas en total, A4, con letra arial tamaño 12, interlineado 1,15 y este arquivo no superaba los 15 megas de tamaño.

El resto de arquivos que se encontraban en el sobre B no se trataba de la oferta técnica ni era posible identificarlos como tal, pues, uno de los arquivos que obraba en el sobre B, de una páxina de extensión, era el índice de contenido del sobre (03. Índice sobre B), y el otro arquivo, de 66 páxinas de extensión, eran los CVs de los miembros del equipo de traballo (CVsEquipo)."

Debemos aclarar que no punto 7.A.C das FEC referido á valoración do equipo de traballo adscrito ó proxecto detallase que: "No Proxecto de dixitalización do arquivo deberá achegarse a correspondente documentación acreditativa das titulacións, formación e proxectos relacionados. Se non se achegase esta documentación outorgaranse 0 puntos neste apartado"

Como se pode ver no informe de valoración do sobre B, de data 03/10/2019 valorase o apartado "Equipo de traballo adscrito ao proxecto" da proposta presentada polo licitador con 8 puntos (máxima puntuación posible en este apartado) tendo en conta que forman parte da proposta técnica as titulacións, formación e experiencia do equipo (incluídos no arquivo CVsEquipo) xa que se axunta a documentación acreditativa que presenta o licitador para desenvolver o contrato. En coherencia coa valoración da oferta presentada no caso de que non se tivera tido en conta esa información sobre titulación e experiencia a valoración do equipo de traballo tería sido de 0 puntos".

Con respecto a esta alegación é preciso matizar o seguinte:

Se o licitador consideraba a penalización por incumprimento de requisitos formais excesiva, debeu manifestalo no momento procedimental oportuno, e este non é outro que o de publicación do procedemento e inicio do prazo de presentación de ofertas. Neste intre a súa obriga, dado considera que se vulneran os principios fundamentais da contratación, era impugnar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta licitación.

O licitador non impugnou no momento procedimental oportuno o prego e presentou a súa oferta a este procedemento. E tras a licitación, e vendo que o resultado da mesma non lle favorece é cando acorda que a penalización por falta de cumprimento dos requisitos formais vulnera os principios xerais da contratación pública. Debemos recordar que a presentación da oferta supón a aceptación incondicional por parte do licitador dos pregos, tal e como dispón o artigo 139.1 da LCSP, sen excepción ou reserva ningunha. Se os licitadores non os impugnan e presentan oferta están vinculados polos mesmos. Neste senso, a Resolución nº 304/2018 de data 3 d outubro de 2018 do Tribunal Administrativo de contratación pública da Comunidade de Madrid sinala que:

"Como es sabido, los Pliegos conforman la Ley del contrato y vinculan a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación y vinculan en sus propios términos, (Vid. por todas STS de

29 de septiembre de 2009 o Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, 128/2011, de 14 de febrero (JUR 2011/170863), de manera que los licitadores han de estar y pasar por los mismos en todo su contenido. En este sentido, recogiendo lo dispuesto en el artículo 145.1 del TRLCSP, la presentación de proposiciones supone, por parte del empresario, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna.

(...)

Por tanto, los Pliegos constituyen la base del contrato y sus determinaciones las reglas conforme a las cuales debe ser cumplido al determinar el contenido de la relación contractual. Por lo que su contenido, no habiendo sido recurridos, vincula tanto a la Administración que los formula como a los licitadores, que al no impugnarlos, los aceptan incondicionalmente con la presentación de su oferta.(...)

Ou a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales n.º 1131/2018, que fala da improcedencia de impugnar o prego tras presentar unha oferta:

“ya que la exigencia de la presentación de las ofertas en tiempo y forma constituye una exigencia de los pliegos rectores del contrato, debemos tener en cuenta como punto de partida para analizar esta cuestión, la especial consideración que merecen los pliegos de cláusulas de un contrato público, como ley rectora de ese contrato. Este Tribunal ha tenido ocasión de pronunciarse en multitud de ocasiones acerca de esa cualidad de “lex contractus” de los pliegos, una vez éstos adquieren firmeza. Así, la Sentencia de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Supremo de 19 de Marzo de 2001 (Sección Séptima) y otras resoluciones de este Tribunal (178/2013, 17/2013 y 45/2013), afirman lo siguiente: “esta Sala Tercera ha recordado, en sentencia de 6 de febrero de 2001, la conocida doctrina jurisprudencial en cuya virtud el pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como los que soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnado previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar, en ningún momento, las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte en el mismo, con presentación de su correspondiente oferta y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus propios actos, cuando no resulte favorecida por las adjudicaciones que, obviamente, pretendía”. Este criterio se mantiene en la Resolución 321/2013, donde, con cita de la 178/2013, se precisa que la falta de impugnación de los pliegos hace inviable la posibilidad de que se invoque posteriormente su supuesta improcedencia o ilegalidad para impugnar la adjudicación ya efectuada en favor de la proposición más conveniente a otro licitador, tanto más cuando que existe un trámite especialmente concebido para poder impugnar los citados Pliegos en su fase inicial mediante el recurso especial en materia de contratación contra “los anuncios de licitación, los pliegos y los



documentos contractuales que establezcan las condiciones que deban regir la contratación".

Por otro lado, tiene declarado este Tribunal que el Pliego de Cláusulas Administrativas constituye la ley de contrato a la que deben sujetarse los licitadores, así como el propio órgano de contratación. Al efecto, hemos de partir del valor vinculante del Pliego aprobado por el órgano de contratación. El Pliego constituye auténtica lex contractus, con eficacia jurídica no sólo para el órgano de contratación sino también para cualquier interesado en el procedimiento de licitación. Como se señala en la Resolución 410/2014, de 23 de mayo, siguiendo el criterio fijado ya por este Tribunal, acorde con la Jurisprudencia del Tribunal Supremo, hemos de recordar que el Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares es la Ley que rige la contratación entre las partes y al Pliego hay que estar, respetar y cumplir, sin que por ello se contravenga el principio de concurrencia ni el de igualdad (resolución 47/2012, de 3 de febrero, recurso 047/2012). En efecto, abundando en dicha afirmación hemos de traer a colación la resolución 253/2011, a cuyo tenor: "a los efectos de lo concluido en el punto anterior de esta resolución, es menester recordar, que de acuerdo con una inveterada jurisprudencia, los pliegos constituyen ley del contrato como expresión de los principios generales esenciales que rigen las relaciones nacidas de la convención de voluntades, tales como el sintetizado en el brocardo "pacta sunt servanda" con los corolarios del imperio de la buena fe y del non licet contra los actos propios y, en segundo lugar, que en su interpretación es posible la aplicación supletoria de las normas del Código Civil, cuyo artículo 1.281 establece que si los términos del contrato son claros y no dejan lugar a dudas sobre la intención de los contratantes, habrá que estarse al sentido literal de sus cláusulas (Sentencias del Tribunal Supremo de 19 de marzo 2001, 8 de junio de 1984 o 13 de mayo de 1982). Jurisprudencia más reciente como la que se deriva de la Sentencia de la Sección 4 , Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo de 8 de julio de 2009 se refiere a la interpretación literal o teleológica (si las palabras parecieren contrarias a la intención evidente de los contratantes, prevalecerá ésta sobre aquéllas, artículo 1.281 del Código Civil) y también a la propia interpretación lógica de las cláusulas del contrato". No se puede olvidar que el artículo 1.282 del Código Civil, en relación con el alcance y el contenido de las reglas interpretativas en materia contractual, exige tener en cuenta para juzgar la intención de los contratantes, los actos de aquellos coetáneos y posteriores al contrato. En última instancia, es necesario apuntar que una interpretación distinta llevaría a una interpretación del pliego en contra de su contenido natural, lo cual implicaría una grave vulneración del principio de seguridad jurídica y una ruptura del principio de igualdad, para aquellos licitadores que han respetado el contenido del pliego de cláusulas aquí discutidas. En este sentido, la presentación de proposiciones por parte de los licitadores supone por su parte, la aceptación incondicional del clausulado de los pliegos sin salvedad o reserva alguna".

Debemos ademais puntualizar que a esixencia de determinados requisitos formais para a presentación das ofertas o que persegue é precisamente acadar unha maior igualdade dos licitadores, posto que con ilo se logra unha uniformidade nas súas ofertas e se facilita a labor dos técnicos á hora de valoralas. Tanto a xurisprudencia como a doutrina administrativa emanada dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación

son unánimes na esixencia de requisitos formais que homoxeneícen as ofertas, cuxo incumprimento incluso determina a exclusión das ofertas precisamente por contravir o disposto nos pregos. Podemos citar por todas a resolución 160/2015 do TACRC. Determina esta resolución que *“el incumplimiento de los pliegos (...) al haber presentado su oferta con el doble de páginas sobre el límite máximo fijado en los pliegos resulta de tal magnitud cuantitativa que lo transforma en un incumplimiento cualitativo que puede afectar al principio de igualdad y no discriminación entre los licitadores y al de eficiencia en la contratación pública, lo que justifica la exclusión de la licitadora por incumplimiento de los pliegos reguladores del concurso convocado”*.

O certo é esta resolución recolle parcialmente a doutrina do TACRC sobre a limitación da extensión da oferta como causa de exclusión de licitadores. A mesma e resumida con claridade na Resolución 1038/2016, ditada no Recurso nº 1017/2016. O propio TACRC recoñece este dato ó dicir na RTACRC nº 650/2017 *“De las resoluciones mencionadas en los escritos y de otras igualmente aplicables a la cuestión, puede sintetizarse nuestra doctrina con la resolución 1038/2016”*.

A citada RTACRC 1038/2016 dí que:

“Este Tribunal tiene declarado (en tal sentido, la resolución 297/2015) que, como regla general, “un requisito formal relativo a la extensión de los documentos de la oferta no puede convertirse en causa de exclusión de la licitación, so pena de vulnerar tanto el principio de concurrencia como el objeto del procedimiento de licitación que es la búsqueda de la proposición que mejor satisfaga el interés general al que los entes del sector público sirven, y no facilitar la valoración de las ofertas por los técnicos”.

En aplicación de este criterio, la resolución 818/2015, afirmó que tales requisitos formales tienen “por objeto el facilitar la valoración de las ofertas por los técnicos y evitar que la extensión y formato de las mismas dificulte esa tarea”.

Por lo demás, si bien es cierto que, como señala la resolución 818/2015, el hecho de que resulte improcedente la exclusión de una oferta por el simple incumplimiento de dichas prescripciones meramente formales no obsta a que deba garantizarse que de ello no se derive una vulneración del principio de igualdad, como así ocurriría si el licitador infractor obtuviera, por razón de la mayor información proporcionada, una valoración superior a la que le hubiera correspondido de atender estrictamente las indicaciones sobre el formato a seguir”.

Podemos concluír, á vista do exposto, que o licitador non foi dilixente á hora de presentar a súa oferta, posto que non cumpriu coas determinacións do PCAP, e pretende xustificar esta falta de dilixencia atacando, unha vez finalizado o proceso cun resultado desfavorable para él, unha penalización que non impugnou no momento procedimental oportuno. En consecuencia, a xuízo da que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación da alegación segunda.



Concello de Vigo

3.- A vulneración do artigo 145.1 da LCSP por canto a oferta do adxudicatario é a que ten unha peor relación calidade prezo

Finaliza o escrito de recurso manifestando o recorrente que a oferta que resultou adxudicataria era a peor dende o punto de vista técnico. Se non se tivesen penalizado as outras ofertas por cuestións formais o adxudicatario tería a peor valoración dos tres licitadores. Ademais ofertou un prezo máis elevado que o recorrente.

No entanto, isto é unha falacia. A puntuación é a que é. O recorrente non acadou máis puntuación porque non presentou correctamente a súa oferta. Este dato implica unha falta de dilixencia. Un licitador serio e responsable antes de elaborar a súa oferta le e estudia os pregos, para presentar correctamente a documentación requirida.

E con respecto a oferta económica o certo é que a diferenza entre ambas ofertas é pequena. Consecuentemente, non é posible soste a afirmación do recorrente respecto á relación calidade prezo da oferta que resultou adxudicataria.

A xuízo da informante, non procede estimar tampouco esta alegación.

-VI-

Conclusionés

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamentos xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da XGL de 7 de novembro de 2019 de adxudicación do procedemento que nos ocupa, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Dado que é a suspensión do procedemento é imperativa en caso de impugnación do acordo de adxudicación esta Administración está conforme coa mesma.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1060).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE NADAL, CABALGATA DE REIS E ENTROIDO DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8156/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 4/12/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación de Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias a promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

No ámbito destas competencias o Concello de Vigo a través do Servizo de Festas ten previsto en materia de dinamización e desenvolvemento de actividades socioculturais o programa CABALGATA DE REIS.

Entre as diferentes actividades que se organizan dentro deste programa atópase o desfile da Cabalgata de Reis do día 5 de xaneiro, un dos eventos que aglutina a un maior número de público infantil e familiar, dado o seu carácter tradicional e festivo.

A Cabalgata de Reis é un evento no que participan as principais entidades da cidade a través dun convenio de colaboración coa aportación dunha carroza que contribúe a darlle ao desfile das SS.MM os Reis Magos un maior realce, vistosidade e atractivo.



Concello de Vigo

Con data 2 de decembro as 10,30 horas tivo lugar no Servizo de Festas do Concello de Vigo a Comisión de Avaliación para a resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo" composta por: A Concelleira de Festas e Turismo, Dna. María del Carmen Lago Barreiro en calidade de Presidenta, a Xefa do Servizo de Festas Dna, Luz María González Domínguez como vogal e Susana Gallardo Fariña en calidade de secretaria. (Achégase o acta ao expediente).

Á vista do elevado número de empresas que manifestaron o seu interese na participación da Cabalgata de Reis fora do prazo establecido na convocatoria, e co obxecto de facer inda máis atractivo o resultado final do desfile, considérase que sería axeitado abrir un novo prazo urxente de dez días para que as entidades que así o desexen poidan solicitar a súa participación, xa que o informe de seguridade do evento da Cabalgata de Reis 2020 asinado con data 25 de novembro (expediente 108303-210) non establece limitación do número de carrozas que poidan participar no desfile.

Dada a proximidade da data do desfile (5 de xaneiro de 2020) considérase necesaria a tramitación urxente desta convocatoria mediante a súa publicación no BOPPO cun prazo de dez días naturais.

Polo exposto, e previo o informe xurídico, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Admitir as solicitudes de participación na comitiva da Cabalgata de Reis 2020 de acordo ao establecido na Acta de Avaliación asinada o de data 2 de decembro de 2019, relativa a resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo", seguintes:

ENTIDADE	CIF	TIPO COLABORACIÓN	DE
GADISA RETAIL, SL	B15735590	CARROZA	
ABANCA, SA	A70302039	CARROZA	
EL CORTE INGLÉS, SA	A28017895	CARROZA	
ZARDOYA OTIS, S.A.	A28011153	CARROZA	
LA FE PREVISORA, SA	A36601052	CARROZA	
CIRCULO CULTURAL MERCANTIL INDUSTRIAL	E G36614097	CARROZA	
AUTOS GONZÁLEZ, SL	B32012486	AUTOBUS	
RADIO VIGO, SA	A36612414	AUTOBUS	

Segundo.- Desestimar a participación na comitiva da Cabalgata de Reis 2020 de todas as empresas presentadas fora de prazo e que son as seguintes:

ENTIDADE	CIF	TIPO DE COLABORACIÓN
C.C.GRAN VIA DE VIGO	V27837426	CARROZA
ESPACIO SIETE 2014, S.L.	B27809805	CARROZA
PESCANOVA ESPAÑA, SLU	B94123916	AUTOBÚS
ALCAMPO, SAU	A28581882	CARROZA
VIGUESA DE TRANSPORTE, S.L.	B36693778	AUTOBÚS
GRUPO RECALVI	B-36628931	CARROZA

Terceiro.- Abrir un novo prazo urxente mediante inserción dun anuncio no BOPPO cun prazo de dez días naturais da convocatoria para o programa CABALGATA DE REIS de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo”.

Cuarto.- Comunicar a todas as empresas admitidas e recollidas no punto primeiro a aceptación da súa participación na Cabalgata de Reis 2020 que terá lugar o día 5 de xaneiro entre as 18:00 horas e as 20:00 horas coa temática “PERSONAXES E ANIMAIS DE CONTOS E HISTORIAS DA INFANCIA”, así como ás condicións de participación e seguridade de obrigado cumprimento.

Quinto.- Requirir as empresas colaboradoras seleccionadas á formalización do convenio de colaboración recollido no anexo II da bases reguladoras publicadas no BOP de Pontevedra de data 5 de xullo de 2019.

Sexto.- Todas as empresas serán convocadas a unha reunión no Auditorio Municipal do Concello de Vigo para tratar tema de organización e seguridade, cuxa asistencia e obrigatoria A data e hora será comunicada polo servizo de Festas con antelación suficiente.

Sétimo- Notificar ao interesado sinalando que contra a resolución que se adopte , e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO.- Instrucións técnicas das carrozas -

Quinto.- Comunicar ás empresas as condicións que deben reunir as carrozas e autobuses, e solicitarlles información sobre a temática da súa carroza dentro da temática xeral "PERSONAXES E ANIMAIS DE CONTOS E HISTORIAS DA INFANCIA". As características mínimas de obrigado cumprimento serán as seguintes:

a) As carrozas non poderán superar a altura máxima de 4 metros e unha lonxitude de 10 metros (sen contar a cabeza ou vehículo tractor) e 2,50 metros de ancho.

b) Coa fin de darlle unidade ao desfile é obrigatorio a adaptación da temática proposta: "PERSONAXES E ANIMAIS DE CONTOS E HISTORIAS DA INFANCIA"

c) O soporte da carroza poderá ser gabarra ou plataforma. É obrigatorio por mor da seguridade terán instalado un faldón ou sistema de protección no contorno da carroza, que impida que o público poda introducirse debaixo da mesma.

d) O vehículo ou cabeza tratora da carroza deberá ter potencia suficiente para remolcar a plataforma ou gabarra.

e) A utilización de imaxes de personaxes de debuxos animados ou películas na construción e deseño das carrozas terán que incluír a xestión do pagamento dos dereitos de imaxe das mesmas, ou a autorización expresa para súa utilización.

f) Atendendo as peticións anuais das asociacións de persoas celíacas e persoas diabéticas, solicitámoslle que na medida do posible os caramelos lanzados dende as carrozas non conteñan nin glute nin azucre.

g) Seguindo coa liña estética de anos anteriores, as carrozas municipais serán realizadas con luces LED, polo que solicitámoslle que, na medida do posible, os elementos que conforman as carrozas, estean fabricado con este tipo de iluminación.

h) O percorrido da Cabalgata que será o seguinte: Avda. García Barbón (dende a rotonda de Isaac Peral), rúa Policarpo Sanz, Porta do Sol e Elduayen. Paseo de Alfonso (remate), así como da zona de montaxe: rúa García Barbón (dende a rotonda de Isaac Peral ata a rotonda de Julian Estévez); e da zona de desmonte: rúa Rómil e rúa Cachamuiña.

4(1061).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA CEDER, A TRAVÉS DUNHA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, O EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA ALTA CON CHAO E EXTINGUIR O DEREITO DE USO SOBRE O EDIFICIO DO NÚM. 3 DA RÚA OPORTO. EXPTE. 20340/240.

Visto o informe de fiscalización do 3/12/19, dáse conta do informe-proposta do 5/12/19 asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 24.09.19, a Concelleira Delegada da Área de Patrimonio, Contratación e Xestión municipal, acordou iniciar expediente para a aprobación, de se-lo caso dun convenio coa Deputación provincial de Pontevedra polo que se extinga o dereito de uso por parte da Diputación do inmovible do num. 3 da rúa Oporto e se outorgue unha concesión demanial sobre o edificio da rúa Alta 18 propiedade do Concello de Vigo para sé institucional da Deputación provincial de Pontevedra

SEGUNDO.- A xefatura da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, co conforme da Concelleira Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal o 24.12.2017, redacta a memoria xustificativa do citado convenio cuxo obxecto é establecer e concretar o réxime de colaboración entre ámbalas dúas administracións locais para autorizar a través dunha concesión administrativa o dereito de uso e desfrute como sé institucional da Deputación de Pontevedra do edificio de propiedade municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao, e conseguinte resolución do dereito de uso da Deputación de Pontevedra sobre o inmovible propiedade tamén do Concello de Vigo sito na rúa Oporto núm. 3 “Anexo ao antigo Reitorado”.

TERCEIRO.- Previamente a Concellería delegada de Cultura, a que está adscrito o ben, en data 16.09.2019 emite informe no que significa que non existiría inconveniente na tramitación por parte da Área de Xestión Patrimonial e Territorial dunha concesión administrativa sobre o inmovible do Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI.

CUARTO.- En data 11.09.2019 o Enxeñeiro técnico da edificación elabora informe urbanístico referente ao inmovible da rúa Alta, no que significa que o edificio non está catalogado pola normativa urbanística, PEPRI do Casco vello, e a parcela está calificada en parte coa ordenanza de equipamento (OE) asistencial definida como AD-8, e outra zona como ordenanza de edificación (ordenanza Xeral OX), e outro espazo como zonas de espazo libre de uso privado.

QUINTO.- O convenio comprende o prego de cláusulas administrativas que rexerán a concesión administrativa do uso do inmovible, co contido mínimo definido no artigo 80 RBEL, sendo aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión do 17 de outubro de 2019. O convenio abrangue a aprobación inicial do prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso do edificio municipal do núm. 18 da rúa Alta, e someteuse a información pública polo prazo de trinta días, sen que se presentasen alegacións segundo



certificación administrativa que se incorpora ao expediente, polo que procede formular proposta de aprobación definitiva.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público.e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAP).
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2019

II.- Convenio

A celebración de convenios interadministrativos entre entidades Administracións públicas, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

En canto ó seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo, art 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, detállase no informe xurídico obrante no expediente, e responde ó contido definido no citado precepto.

O convenio desenvolve competencias dos entes locais relativas á administración e conservación do seu patrimonio definidas na normativa patrimonial.

A tramitación do convenio está suxeito ás disposicións do capítulo VI —Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público .

O expediente xustifica, na súa memoria, a conveniencia e a oportunidade do convenio, así como a suficiencia dos medios comprometidos á finalidade do mesmo.

Os pactos que o documento incorpora estímanse conformes ao interese público que o mesmo persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

III.- Procedemento e competencia.

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

A aprobación do convenio, ten natureza administrativa e rexerese, a mais de polos pactos que no convenio se conteñen, polas disposicións do capítulo VI —Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto ó outorgamento da concesión cuio prego incorpora o convenio, a Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, artigo 9.1 determina que están excluídas da mesma as autorizacións ou concesións sobre bens de dominio público e os contratos de explotación de bens patrimoniais.., que se regularán pola súa lexislación específica, isto é lexislación básica do Estado en materia de réxime local, lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das Administracións Públicas, lexislación que no ámbito das súas competencias diten as Comunidades Autónomas e en defecto de tales normas pola lexislación estatal non básica en materia de réxime local e bens públicos, así como polas ordenanzas propias de cada entidade e, supletoriamente, polas restantes normas dos ordenamentos xurídicos, administrativo e civil, sinaladamente, ao abeiro do parágrafo 2 do artigo 4 da Lei de Contratos do Sector Público, os principios desta última lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Asemade o artigo 137.4. letra “a” Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, por remisión do disposto no seu artigo 93.1 autoriza a adxudicación directa da concesión cando a concesionaria sexa outra administración pública.

O art 88RBEL determina a necesidade de someter as bases da concesión a información pública durante o prazo de trinta días.

As competencias nas que se fundamenta a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra para a sinatura do presente convenio, son as propias que xustifican a súa personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A competencia do Concello de Vigo é a propia en materias protección e xestión do Patrimonio Histórico e promoción da cultura e equipamentos culturais, recollidas no artigo 25.2 letras “a” e



Concello de Vigo

“m” da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, ademais da capacidade de exercer as accións que correspondan en relación cos seus bens e dereitos

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, e segundo Disposición adicional segunda LCSP a aprobación da concesión.

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobado o CONVENIO INTERDAMINISTRATIVO ENTRE O CONCELLO DE VIGO e a DIPUTACIÓN PROVINCIAL transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Aprobado definitivamente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso do edificio municipal do núm. 18 da rúa Alta, consonte ao texto que figura no Anexo.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E PARA A CESIÓN DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA CHAO PARA SÉ INSTITUCIONAL

En _____, ____ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación, segundo o disposto

no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.-As entidades de dereito públicas poden celebrar convenios en virtude do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (TRLCS).

II.- O Concello de Vigo é titular en pleno dominio da edificación da rúa Oporto núm. 3 coñecida como edificio "Anexo ao antigo Reitorado", que ven sendo ocupado pola Deputación provincial de Pontevedra en virtude de acordo da Xunta de goberno local de Vigo en sesión do 11 de decembro de 2006¹, polo que se cede o dereito de uso por parte do Concello de Vigo á Deputación de Pontevedra, e que se describe como segue:

URBANA: Edificio para oficinas, denominado "Anexo" sinalado co nº3 da rúa Oporto da cidade de Vigo, á que da fronte e por onde ten acceso, dunha superficie de 151 m² en planta sobre rasante, composto de soto, baixo e seis plantas, que xunto co terreo unido ao mesmo e destinado a uso público, forman toda unha soa finca de 224 m² de superficie, cos seguintes lindeiros:

Norte, en línea de 18,75 m. coa parcela nº 46 da rúa Areal da que se segrega; Sur, en línea de 18,25 m. co edificio nº 5 da rúa Oporto; Leste, en línea de 12,18 m. co edificio nº 50 da rúa Areal; e Oeste, en línea de 12,18 m. coa rúa Oporto.

Referencia catastral 3665019NG2736S001EB

Título: Segregación, polo vento Sur da parcela municipal sita no nº 46 da rúa Areal, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 3 de xullo de 2006.

Inscrición: polo Rexistrador da Propiedade nº 1 de Vigo, procedeuse a practicar a inscrición rexistral da edificación e segregación aprobada, dando lugar a parcela segregada a unha nova finca rexistral nº 79.787, no Tomo 1.406, folio 51, inscrición 1^a.

¹ A cesión acordada do dereito de uso do edificio estipulouse polo prazo de 10 anos, tendo sido prorrogada a instancia da Deputación provincial, para dar continuidade á actividade da sé da citada na cidade de Vigo, segundo acordo da Xunta de Goberno local tomado en sesión do 18 de maio de 2017, por un período de cinco anos.



Concello de Vigo

III.- A Deputación provincial, manifesta o seu interese en continuar coa súa presenza na cidade de Vigo e ao mesmo tempo acercar a Deputación ós cidadáns a través da creación na sé institucional, dun espazo participativo na zona vella da cidade e dunha exposición fotográfica anual permanente sobre diversos aspectos da vida da cidade. De esta forma, estaría interesada en trasladar a súa actividade propia a esta zona tradicional en desenvolvemento, colaborando na súa rehabilitación e recuperación a través da presenza permanente da Entidade Provincial no Casco Vello, circunstancia que sen dúbida dinamizaría o emblemático ámbito coa implantación dun novo uso público ademais de acercar e abrir a Institución a tódolos vigueses e viguesas.

IV. Para estes fins, o Concello é titular en pleno dominio do ben demanial sito na rúa Alta 18 esquina rúa Chao, sen uso, que se describe como segue:

No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, o edificio figura identificado co número de propiedade 55, como ben de titularidade municipal, de natureza demanial, afecto ao uso público, composto de planta soto e tres plantas e cunha superficie total construída de 1.252,5 m²

O inmovible se levanta sobre dúas parcelas, unha de 42,32 m², inscrita no Rexistro da propiedade nº 5 dos de Vigo ao tomo 69, libro 69, folio 3, finca núm. 11577; e outra de 394 m², inscrita no tomo 664, folio 58, finca núm. 3613, e cos seguintes lindeiros : Norte, rúa Chao; Sur, rúa Alta; Leste, rúa Alta e rúa Chao 21; e Oeste, en rúa Chao e rúa Alta.

Os títulos de propiedade son os de compravenda, a primeira compra con datos de inscrición de data 22.01.1955 e a segunda, por compravenda ao Consorcio do Casco vello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno local en sesión de data 21 de outubro de 2009.

A referencia catastral do ben inmovible é 2664318NG2726S0001AH.

Clasificación e cualificación urbanística: O edificio está incluído no ámbito do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello, en solo urbano consolidado e con uso dotacional .

V.- As partes, co fin de conciliar os seus intereses, a Deputación provincial dar continuidade á actividade da sé na cidade de Vigo e fomentar a participación pública a través da creación dun espazo participativo de encontro no Casco Vello de Vigo, e o Concello de Vigo, rehabilitar e recuperar o centro tradicional, así como o de fomentar e promocionar a cultura a través da posta en uso do edificio da rúa Alta con Chao no Casco vello da cidade, entendendo ámbalas dúas a importancia urbanística e histórica alta que para a cidade de Vigo e a súa zona de influencia ten esta infraestrutura a nivel patrimonial, histórico e cultural, e coa vontade ademais de instalar unha exposición fotográfica permanente no edificio, acordan aprobar o presente convenio que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ámbalas dúas administracións locais para autorizar a través dunha concesión administrativa o dereito de uso e desfrute como sé institucional da Deputación de Pontevedra do edificio de propiedade municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao, descrito no expoñendo IV, e conseguinte resolución do dereito de uso da Deputación de Pontevedra sobre o inmovible propiedade tamén do Concello de Vigo sito na rúa Oporto núm. 3 "Anexo ao antigo Reitorado", descrito no expoñendo II.

SEGUNDO.- RESOLUCIÓN DO DEREITO DE USO SOBRE O EDIFICIO DA RÚA OPORTO 3

As partes acordan de mutuo acordo, sen dereito a indemnización algunha, a resolución por razóns de interese público do dereito de uso do que é titular a Deputación de Pontevedra, acordado pola da Xunta de goberno local en sesión do 11 de decembro de 2006, e referido no expoñendo segundo.

A Deputación comprométese a entregar ao Concello de Vigo libre de cargas e ocupantes o edificio do número 3 da rúa Oporto, para o que convocará coa anterioridade polo menos dunha semana para a entrega do inmovible ao Concello de Vigo ou ó seu lexítimo propietario, e levantarase a correspondente acta de recepción e entrega do inmovible.

TERCEIRO.- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA SOBRE O INMOBLE DA RÚA ALTA 3

O Concello de Vigo comprométese a tramitar á través do procedemento de adxudicación directa á Deputación provincial expediente de concesión administrativa de dominio público que comprenderá o uso privativo da edificación de titularidade municipal da rúa Alta 18, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e sección cuarta do capítulo I do Título IV da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas

A concesión outorgarase baixo as seguintes condicións:

Primeira.- prazo da concesión e prórroga

O prazo da concesión do inmovible da rúa Alta-Chao será de dez anos a partires da sinatura do presente convenio, podendo ser prorrogado por períodos sucesivos de cinco anos , ata un máximo de dous prórrogas previa solicitude da Deputación cunha antelación de tres meses antes da finalización de cada prazo, e con acordo expreso do Concello de Vigo.

Segunda.- réxime de uso

2.1.- O edificio destinarase a sé da Deputación provincial de Pontevedra na cidade de Vigo e usos administrativos e complementarios, sen que sexa posible a transmisión do dereito de uso a terceiros nos que se inclúe:

- a creación dun espazo participativo e de encontro da cidadanía
- instrumentarase co Concello de Vigo a realización dunha exposición fotográfica anual coa temática de escenas da propia cidade nunha das plantas do inmovible

2.2.- Non se autoriza a constitución de carga, limitación ou gravame sobre o inmovible que se concesiona.

2.3.- A Deputación executará e costeará as obras necesarias para o adecuado uso do edificio aos fins previstos, obras que deberán ser autorizadas pola Xunta de Goberno Local a proposta da Concellería de Patrimonio con carácter previo a súa execución. En todo caso as obras executadas quedarán en beneficio do inmovible, sen dereito a indemnización ou reembolso pola concesionaria.

Terceira .- réxime económico

A Deputación de Pontevedra non ven obrigada a satisfacer ao Concello canon anual en concepto de taxa pola utilización privativa do dominio público en tanto o uso do inmovible non leva aparellada unha utilidade económica para a mesma.



Concello de Vigo

Cuarta- compromisos das partes

Da Deputación provincial

- Destinar o inmovible ao fin de sé institucional e usos complementarios
- Asumir os gastos ordinarios de mantemento, conservación e funcionamento do inmovible, nos mesmos termos nos que ten asumido a Deputación provincial no inmovible que ven ocupando da rúa Oporto e cuxo dereito a uso polo presente se resolve.
- Asumir os gastos polo uso dos servizos urbanos de auga, subministro de enerxía eléctrica, seguridade, telefonía, Internet,.. así como os derivados da limpeza do edificio, nos mesmos termos nos que ten asumido a Deputación provincial no inmovible que ven ocupando da rúa Oporto .
- Executar as obras de conservación e mantemento necesarias para un uso adecuado do edificio, previa autorización da concesionaria.
- Abonar as taxas e tributos que graven ao inmovible. En canto ao pago do IBI , estarase á normativa fiscal de aplicación.
- Asumir o pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do prego de condicións, dos gastos rexistrals, notariais e administrativos que no seu caso se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.
- Responder dos danos e perdas que se puideran ocasionar a terceiros ou ao propio inmovible durante o prazo da concesión, sempre que quede acreditada a culpa ou negligencia da Administración, agás a responsabilidade por vicios ocultos, debendo subscribir sendas pólizas de seguro a todo risco do edificio de perdas ou danos, polo importe do seu valor e na que o beneficiario sexa o Concello de Vigo e outra de responsabilidade civil por danos a terceiros. Deberá acreditarse a súa contratación antes do inicio da actividade , e con posterioridade, con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.
- Prestar a colaboración necesaria nas facultades de inspección que lle corresponden ao Concello para comprobar o cumprimento dos termos da concesión.
- Entregar o edificio xuntos coas súas pertenzas, melloras e accesións á resolución, por calquera causa, da concesión administrativa, libres de cargas e gravames.

Do Concello de Vigo

- Por a disposición da concesionaria o inmovible para o desenvolvemento dos seus fins propios, no prazo máximo de vinte días a contar dende a sinatura do presente convenio.
- Inspeccionar e controlar o cumprimento das condicións da concesión, ditando as ordes e instrucións pertinentes para o bo estado e conservación do edificio

Quinta.-Valor do edificio

O valor da edificación segundo datos do Inventario municipal de Bens e Dereitos é de 1.198.867,94 euros.

Sesta- garantías

Como queira que a concesionaria é unha administración pública que executará obras que reverterán ao Concello de Vigo, non se establece a constitución de garantías.

Sétima- Exposición ao público do prego de condicións

Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o Pregó de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, exporase ao público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán nos Rexistros do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na lexislación de procedemento administrativo.

Oitava.- Causas de resolución

Serán causa de resolución da concesión:

- a) A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestión e explotación do edificio sen autorización municipal.
- b) Allear ou gravar o ben ou o dereito.
- c) Destinar o inmovible a usos distintos dos expresados
- d) O incumprimento reiterado ás ordes ou instrucións ditadas polo Concello de Vigo referentes a conservación e mantemento do edificio.

Novena.- Rescate

O Concello resérvase o dereito a deixar sen efecto a concesión, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos ao dominio público ou impidan a utilización para actividades de maior interese público, debidamente apreciadas polo Concello de Vigo.

Décima.- Extinción da concesión

A concesión extinguirase:

- Polo transcurso do prazo polo que foi outorgada.
- Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi concedida.
- Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
- Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.

Décimo primeira.- Condicións da reversión ou da recuperación do edificio

1.- Serán de conta da concesionaria o detrimento ou deterioro sufridos polo edificio, e non serán indemnizables os gastos en que houbera incorrido a concesionaria.

2.- Ao vencemento da concesión, e con independencia da causa que a motive, a concesionaria vendrá obrigada a cesar no uso e ocupación do inmovible e n0 desenvolvemento da actividade, debendo deixar a edificación á libre disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, que reverterá gratuitamente e libre de cargas e gravames xunto coas súas melloras e instalacións fixas, sen que a concesionaria teña dereito a percepción de indemnización ou contraprestación ningunha.

3.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos levantarase a correspondente acta en presenza da concesionaria, se comparecese a dito acto. Na acta apuntarase o estado de conservación dos bens revertidos.



Concello de Vigo

4.- Establécese como prazo máximo para a entrega do edificio, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión.

Décimo segunda.- Formalización da concesión

A concesión formalizarase en documento administrativo, no prazo de quince días dende a data da notificación do acordo á concesionaria, podéndose elevar a documento público se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura, no seu caso.

CUARTO.- ACCESO AO EDIFICIO DA RÚA ALTA

En tanto se sustancia a tramitación da concesión e ata a entrega definitiva do edificio, aprobado o presente convenio polo órgano competente permitirase o acceso ao inmovible á Deputación provincial aos efectos de redactar o proxecto de obras de adaptación e para a súa preparación necesaria para executar as citadas obras

QUINTO.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións

SEXTO - TRIBUNAIS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o convenio e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ao Concello de Vigo, e á xurisdición contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o convenio, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

SÉTIMO- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez